

**CONVENIO DE COLABORACIÓN DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO PARA APOIO NAS CAMPAÑAS DE DOAZÓN DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS.**

**MEMORIA DE TRANSPARENCIA**

Lara del Carmen Meneses Álvarez, directora xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude formalizou coa Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 3 de outubro de 2025 ata o 1 de xullo de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, do Programa de voluntariado para apoio nas campañas de doazón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

- Á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 17 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

No artigo 5.2 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, recóllese que aos efectos desta lei, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria a realización de actividades de interese xeral vinculadas coas de natureza sociosanitaria.



- A Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia, dispón que a colaboración das organizacións de voluntarios e cooperantes coas organizacións sanitarias adscritas ou vinculadas á Consellería de Sanidade poderá instrumentarse, no seu caso, a través de convenios, concertos, programas de subvencións e outros, de conformidade coa natureza da colaboración que pretenda establecerse. Ningunha colaboración individual ou colectiva, implicará relación laboral coa administración sanitaria.
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, consideran de máximo interese, colaborar na promoción de actividades no ámbito do voluntariado e concretamente na concienciación e a participación cidadá, onde o voluntariado é un elemento clave para acadar a sostibilidade deste sistema público, 100% voluntario, altruísta e non remunerado, xa que os voluntarios e as voluntarias actúan como nexos entre a Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos e sociedade galega para tratar de garantir un fluxo constante de doazóns tódolos días do ano.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

